

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA**

RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2020, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, pola que se convocan os premios de innovación educativa aos proxectos sobre consumo responsable Galicons-net (código de procedemento IN116A).

A Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, establece como un dos dereitos básicos das persoas consumidoras a formación e a educación en materia de consumo. Sinálase na exposición de motivos que a actuación administrativa debe superar o concepto tradicional de formación e educación, cinguida, tradicionalmente e en exclusiva, ao coñecemento por parte das persoas consumidoras dos seus dereitos como tales, para entender esta formación e educación nun contexto máis global onde este coñecemento teña que complementarse simbioticamente con outros coñecementos dos cales non poida prescindir á hora de adquirir bens e servizos, como a sustentabilidade ambiental, económica, social e cultural.

Así mesmo, o artigo 50 desta mesma lei sinala que a Administración competente en materia de consumo, conxuntamente coa competente en educación, establecerá un plan de formación específico orientado a favorecer o tratamento da educación para o consumo nos currículos das diferentes etapas e niveis do ensino regrado, na forma en que mellor se axuste á finalidade pedagóxica de cada un deles.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) fai referencia á concepción da educación como chave para a formación de persoas activas; con autoconfianza, curiosas, emprendedoras e innovadoras; desexosas de participar na sociedade a que pertencen, de crear valor individual e colectivo; capaces de asumir como propio o valor do equilibrio entre o esforzo e a recompensa. A educación e o sistema educativo deben posibilitar tanto a aprendizaxe de cousas distintas como o ensino de xeito diferente, para poder satisfacer un alumnado que foi cambiando coa sociedade.

A educación para o consumo é, fundamentalmente, unha educación social e cidadá, que incide na comunidade e representa un medio para avanzar cara a unha cidadanía máis crítica, autónoma e consciente dos seus dereitos e responsabilidades, disposta a actuar nunha sociedade globalizada e cambiante.



Promover a educación para o consumo nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia é, polo tanto, un interese do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, co obxecto de que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan exercer os seus dereitos como persoas consumidoras, actuando no mercado de forma autónoma, responsable e solidaria.

Desde a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dáse acollida ao programa Galicons-net a través do Plan Proxecta, para favorecer a integración das metodoloxías innovadoras a través dos distintos programas e temáticas.

En consonancia con estes principios, o programa Galicons-net ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e da educación en valores a través da realización dun proxecto de innovación educativa en materia de consumo responsable.

O programa Galicons-net tenta potenciar a educación para o consumo responsable nos centros docentes non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como motivar un traballo activo e colaborativo do alumnado e do profesorado nas distintas etapas educativas, e permite formar cidadáns e cidadás que poidan desenvolverse na sociedade dun xeito responsable, solidario e con sentido crítico, dando preferencia ao «ser» fronte ao «posuír».

Co obxectivo de recoñecer o traballo realizado polo alumnado e o profesorado no programa Galicons-net e fomentar a participación de novos centros docentes nesta iniciativa conxunta do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na promoción da educación en materia de consumo responsable no ámbito do ensino, establécese a incorporación dunha dotación económica para premiar os proxectos que mellor potencien o consumo responsable en cada centro docente.

Con este fin, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 existe na aplicación 09.80.613A.640.0 unha partida orzamentaria consignada pola contía de 6.000 euros para atender o pagamento dos premios obxecto da presente convocatoria.

Por todo iso, como conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional e como directora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia,

CVE-DOG: o7ck08j4-q7j9-har5-v6t0-t42hemo7p5m6



RESOLVEMOS:**Artigo 1. *Obxecto***

Esta resolución ten por obxecto regular e convocar os premios de innovación educativa aos proxectos sobre consumo responsable Galicons-net, para difundir e promover os valores do consumo responsable nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IN116A).

Artigo 2. *Participantes*

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes non universitarios públicos, privados e concertados da Comunidade Autónoma de Galicia que estean a participar no programa Galicons-net no curso 2019/20 a través dalgunha destas dúas vías: a) convocatoria do Plan Proxecta; b) solicitude formalizada do programa a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Artigo 3. *Categorías de participación***1. Establécense catro categorías de participación:**

- Categoría A: alumnado de segundo ciclo de educación infantil e de educación primaria.
- Categoría B: alumnado de educación secundaria obrigatoria.
- Categoría C: alumnado de bacharelato, de ciclos formativos de grao medio e grao superior de formación profesional e de educación de persoas adultas.
- Categoría D: alumnado de educación especial.

2. Non se establece un número mínimo de alumnos/as para cada categoría de participación.

3. Cada centro docente só poderá presentar un único proxecto, correspondente a unha das categorías de participación sinaladas. Os centros con alumnado pertencente a varias categorías de participación deberán seleccionar unha das categorías sinaladas, segundo aquela que mellor represente o traballo realizado no centro. No caso de que non se seleccione ningunha categoría de participación, entenderase que o centro se presenta na categoría de participación correspondente ao alumnado de maior nivel académico.



Artigo 4. Premios

Concederase un premio de 1.500 euros para o mellor proxecto en cada unha das categorías de participación.

Artigo 5. Certificación e recoñecemento

1. Ademais dos premios, os centros recibirán un diploma do Instituto Galego do Consumo e da Competencia que os acredita como gañadores.

2. A persoa coordinadora e o profesorado participante nos proxectos premiados recibirán da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional unha certificación de primeiro premio de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación do profesorado para o profesorado coordinador e 20 horas para o resto do profesorado participante.

Artigo 6. Características dos proxectos

1. Os centros deberán realizar un proxecto de innovación educativa sobre unha das seguintes temáticas de consumo responsable que mellor se adapte ás súas necesidades:

a) Consumo e xénero:

Xoguetes, xénero e publicidade.

Impacto das relacións de xénero no consumo.

Consumo e xénero: onte, hoxe e mañá.

b) Linguaxe publicitaria:

Publicidade na miña contorna.

Publicidade dirixida á adolescencia.

Publicidade: onte, hoxe e mañá.

c) Comercio electrónico:

Hábitos de consumo de comercio electrónico.

Seguridade no comercio electrónico.

Comercio electrónico: onte, hoxe e mañá.



d) Servizos financeiros:

Tipoloxía dos servizos financeiros: captación e investimento.

Identificación de servizos inseguros: créditos rápidos e cláusulas abusivas.

Servizos financeiros: onte, hoxe e mañá.

e) Etiquetaxe dos bens e produtos:

Etiquetaxe dos bens e produtos de consumo en xeral.

Etiquetaxe dos produtos alimentarios.

Etiquetaxe dos bens e produtos de consumo: onte, hoxe e mañá.

2. O proxecto deberá incluír un título directamente relacionado coa temática seleccionada.

3. O proxecto deberá concretar o proceso de aprendizaxe na elaboración dun produto final que permita expoñer o coñecemento adquirido e o traballo realizado. Terá formato libre e formalizarase a través de calquera tipo de soporte (textual, audiovisual, informático, virtual, gráfico, campaña de concienciación...).

4. O proxecto deberá basearse nun traballo colaborativo entre o alumnado e guiado polo profesorado.

5. O desenvolvemento do proxecto en cada centro deberá servir para acadar os seguintes obxectivos específicos:

a) Concienciar o alumnado da súa condición de persoa consumidora, iniciándoo no funcionamento dunha sociedade de consumo responsable.

b) Fomentar que o alumnado actúe na sociedade de maneira informada, de xeito que poida elixir, con pleno coñecemento, entre os bens e servizos que están ao seu dispor e coñecer os seus dereitos e deberes como persoa consumidora.

c) Desenvolver no alumnado un pensamento crítico e fomentar a reflexión sobre os aspectos éticos, solidarios e ambientais que determinan a responsabilidade no consumo.



Artigo 7. Memoria da participación no proxecto

O centro participante en cada categoría elaborará unha memoria explicativa do traballo desenvolvido. Estará redactada en galego e na súa estrutura contará cos seguintes elementos:

a) Portada, que debe indicar o título do proxecto, a temática de traballo escollida e o nivel educativo do alumnado participante.

b) Índice paxinado.

c) Corpo da memoria, cunha extensión máxima de 5 páxinas (aproximadamente 1.800 caracteres por páxina), que debe explicar de forma resumida as seguintes cuestións relativas ao desenvolvemento do proxecto:

1º. Os materiais e os produtos creados no proxecto.

2º. As distintas fases de elaboración do proxecto e a súa temporización.

3º. Os obxectivos iniciais marcados e o nivel de cumprimento.

4º. O grao de participación dos axentes implicados na realización do proxecto (profesorado, alumnado, familias, resto da comunidade educativa).

5º. As dificultades atopadas polo alumnado no desenvolvemento das tarefas obxecto do proxecto, as aprendizaxes recoñecidas polo propio alumnado e as conclusións obtidas coa realización do proxecto.

d) Anexo bibliográfico, fotográfico e virtual (coas ligazóns ás páxinas nas cales se poida visualizar o traballo desenvolvido, se é o caso).

Artigo 8. Apoio aos centros docentes para a realización dos proxectos

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia ofrécelles aos centros docentes o asesoramento que precisen para realizaren os proxectos, o cal poderán solicitar poñéndose en contacto coa Escola Galega do Consumo a través do enderezo de correo electrónico igc.escola@xunta.gal ou do número de teléfono 881 99 90 91.



Artigo 9. *Presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible (anexo I) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Debido á actividade profesional, económica e social que desempeñan as persoas físicas que sexan titulares dun centro docente, tanto no ámbito da educación como na xestión dos servizos vinculados á propia actividade educativa, considérase que as persoas físicas que sexan titulares de centros educativos teñen acceso e dispoñibilidade suficiente aos medios electrónicos necesarios para realizar electronicamente todos os trámites no presente procedemento, de acordo co artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

2. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para presentar as solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 10. *Documentación complementaria necesaria para tramitar o procedemento*

1. Coas solicitudes de participación xuntarase a seguinte documentación complementaria:

- a) Memoria da participación no proxecto en formato PDF.
- b) Documentación, en formato dixital, que permita visualizar o proxecto desenvolvido.

2. A documentación complementaria presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos para presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os seguintes datos:

a) NIF do centro educativo.

b) DNI ou NIE da persoa representante do centro educativo.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 12. *Prazo de presentación*

O prazo para a presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 2 de xullo de 2020.

Artigo 13. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 14. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia, Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 15. Publicación dos actos

Publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución de concesión de premios.

Así mesmo, será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web do Instituto Galego de Consumo e da Competencia <https://consumo.xunta.gal/gl>.

CVE-DOG: o7ck08j4-q7j9-har5-v6t0-t42hemo7p5m6



Artigo 16. Xurado

1. Os traballos que se presenten a esta convocatoria serán examinados e avaliados por un xurado constituído por:

a) Presidente/a:

A persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou persoa en quen delegue.

b) Vicepresidente/a:

A persoa titular da Dirección do Instituto Galego do Consumo e da Competencia ou persoa en quen delegue.

c) Vogais:

– Unha persoa asesora de Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

– Un/unha funcionario/a do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

d) Secretario/a:

A persoa titular da Dirección Técnica da Escola Galega do Consumo.

2. O funcionamento do xurado estará regulado polas normas básicas contidas na sección 3 do capítulo II do título preliminar da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola sección III do capítulo I do título I (artigos 14 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O xurado terá facultades para resolver as dúbidas que aparezan na interpretación das bases desta convocatoria.

3. O xurado, de ser necesario, poderá dispor a constitución dunha comisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles traballos que coide pertinentes, que poderá estar integrada por asesores e asesoras de Innovación Educativa e do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.



4. Os premios anunciados poderán ser declarados desertos. Non obstante, o xurado poderá determinar a redistribución da contía dos declarados desertos se as características dos traballos así o permiten.

Artigo 17. *Criterios de valoración*

Para a selección dos proxectos con dereito a premio, o xurado terá en conta os seguintes criterios e puntuacións:

1. A adecuación do proxecto ás temáticas propostas en materia de consumo: ata un máximo de 3 puntos.
2. A coherencia do traballo realizado cos obxectivos do proxecto: ata un máximo de 3 puntos.
3. A calidade, creatividade e orixinalidade dos materiais producidos: ata un máximo de 3 puntos.
4. A claridade expositiva da memoria final: ata un máximo de 1 punto.

Artigo 18. *Resolución*

1. As solicitudes entenderanse desestimadas se non se resolven no prazo de cinco meses contados a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. A proposta de concesión de premios emitida polo xurado elevarase á directora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. A resolución ditada ao abeiro desta convocatoria porá fin á vía administrativa e contra ela poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou ou debeu ditala, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación. Se o acto non fose expreso, poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



b) Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente á circunscrición do órgano que ditou a resolución, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

Artigo 19. *Pagamento dos premios*

1. O pagamento dos premios, por unha contía máxima de 6.000 euros farase con cargo á aplicación orzamentaria 09.80.613A.640.0 dos orzamentos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para o ano 2020, onde existe crédito axeitado e suficiente.

2. Os centros gañadores teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

3. Toda alteración posterior nos proxectos presentados das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4. Así mesmo, en caso de incumprimento de calquera das condicións establecidas para a súa concesión, existirá a obriga de reintegro total ou parcial do premio percibido.

Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imporse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



3. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 21. *Difusión e publicación*

1. O Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional poderán proceder á reprodución, publicación e divulgación dos proxectos premiados, que quedarán na súa propiedade.

2. As persoas gañadoras quedan na obriga de asumir as responsabilidades que puidesen resultar da utilización dos textos, imaxes e outros elementos creativos achegados na realización do proxecto e nos cales a propiedade sexa de terceiras persoas ou entidades alleas a esta convocatoria.

3. O centro participante deberá contar coa autorización por escrito das nais, pais ou persoas titoras legais dos e das menores que participen.

4. A participación na correspondente convocatoria supón a aceptación de todas as bases, así como a cesión ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia e/ou á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do dereito de propiedade intelectual dos traballos premiados, nos cales poderán introducirse as variacións que se consideren máis axeitadas para a súa finalidade educativa, de acordo co Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

Artigo 22. *Retirada da documentación*

A Dirección do centro docente e/ou as persoas coordinadoras dos proxectos presentados poderán solicitar ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia a retirada da documentación e a devolución dos proxectos non premiados na convocatoria, no prazo de trinta días naturais seguintes ao da publicación da resolución de concesión dos premios no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 23. Réxime de recursos

Contra esta resolución poderase recorrer potestativamente, perante a directora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, mediante recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición adicional primeira. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Instituto Galego do Consumo e da Competencia, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no dito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que as persoas cidadás poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas publicaranse conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

CVE-DOG: o7ck08j4-q7j9-har5-v6t0-t42hemo7p5m6



Disposición adicional segunda. *Aplicación supletoria*

En todo o previsto na presente resolución aplicaranse supletoriamente os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; do seu regulamento, aprobado mediante o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia; da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; e da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia.

Disposición derradeira. *Desenvolvemento e entrada en vigor*

1. Facúltase a directora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para que dite as instrucións necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta resolución.

2. A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade
e Formación Profesional

A directora do Instituto Galego do Consumo
e da Competencia
P.A. (Artigo 13.4 do Decreto 118/2016)
M^a Jesús Muñoz Chesa
Xerente do Instituto Galego do Consumo
e da Competencia





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO PREMIOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA AOS PROXECTOS SOBRE CONSUMO RESPONSABLE GALICONS-NET	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN116A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
CENTRO EDUCATIVO							NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: ☐ Entidade solicitante ☐ Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS DO PROXECTO	
TÍTULO	
TEMÁTICA SELECCIONADA	
☐ Consumo e xénero ☐ Linguaxe publicitaria ☐ Comercio electrónico ☐ Servizos financeiros ☐ Etiquetaxe de bens e produtos	
CATEGORÍA DE PARTICIPACIÓN	
☐ A (alumnado de segundo ciclo de educación infantil e de educación primaria) ☐ B (alumnado de educación secundaria obrigatoria) ☐ C (alumnado de bacharelato, de ciclos formativos de grao medio e grao superior de formación profesional e de educación de persoas adultas) ☐ D (alumnado de educación especial)	
PERSOA COORDINADORA	
NOME	PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO	TELÉFONO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
☐ Memoria da participación no proxecto en formato PDF ☐ Documentación, en formato dixital, que permita visualizar o proxecto desenvolvido

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: o7ck08j4-q7j9-har5-v6t0-t42hemo7p5m6



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NIF do centro educativo	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 20 de xaneiro de 2020, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, pola que se convocan os premios de innovación educativa aos proxectos sobre consumo responsable Galicons-net (código de procedemento IN116A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



Instituto Galego do Consumo e da Competencia



INSTITUTO
GALEGO DO
CONSUMO E DA
COMPETENCIA

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

